

## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

**DECRETO.-** Instruído o procedemento para a contratación mediante procedemento negociado da obra denominada SANEAMENTO E PLUVIAIS EN CALDEBARCOS(PAS 2015), conforme ás cláusulas do prego-tipo aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña e as disposicións normativas de carácter xeral en materia de contratación administrativa.

Visto que tras o requerimento efectuado polo concello, dentro do prazo establecido a tal efecto, o licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa aportou a documentación xustificativa a que fai referencia o citado prego de cláusulas administrativas, así como a constitución da garantía definitiva e, ademais, que dispón dos medios que se comprometése a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro,


### RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Adxudicar á empresa EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA con CIF B-15317134 o contrato de obras de SANEAMENTO E PLUVIAIS EN CALDEBARCOS, por procedemento negociado aprobado por resolución do Alcalde e publicado conforme ao previsto no prego de cláusulas administrativas.

**SEGUNDO.** Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 160-629.00 do orzamento vixente de gastos.

**TERCEIRO.** Notificar, nos termos previstos no artigo 151.4 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

**CUARTO.** Notificar a EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA S.L., adxudicatario do contrato, a presente resolución e citalo para a sinatura do contrato, que terá lugar antes de transcurridos quince días a contar desde o seguinte en que reciba a notificación da presente resolución, na Casa do concello de Carnota.





## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

**QUINTO.** Publicar a formalización do contrato de obras de no perfil do contratante.

**SEXTO.** Unha vez formalizado o contrato, de conformidade co disposto no artigo 7.2 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, o contratista deberá presentar o Plan de seguridade e saúde da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde do proxecto, para a súa aprobación polo concello, despois do informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa comunicación á autoridade laboral. Despois de realizar este trámite, procederase á acta de implantación e inicio da obra.

**SÉTIMO.** Nomear Director Facultativo das obras a D. José Carlos Leis Caruncho, arquitecto dos servizos técnicos municipais.

**OCTAVO.** Nomear coordinador de seguridade e saúde das obras ao arquitecto Colexiado n.º 3817 D. José Lorenzo Crespo Rama, con DNI n.º44826121H.

Carnota, 9 de novembro de 2016.

O alcalde

Asdo.: Ramón Noceda Caamaño



Dou fe. O Secretario,

Asdo.: Celestino Amigo Linares

